

Ola! Somos os nenos e as nenas de 1ºC e 1ºD e este curso estamos a traballar a Arte en Betanzos.

Por iso queremos que coñezades a dous artistas da nosa vila que traballaron xuntos...

Unha é unha pintora que descubrimos nunha visita ao Museo das Mariñas e o outro un escritor que seguro que o coñecedes ben...

Comecemos pola pintora: Queremos presentarvos a Sofía Feliú, unha pintora, que aínda que non naceu en Betanzos, pintou moitos cadros de paisaxes e lugares da nosa vila.

Sofia Feliu naceu nunha vila de Cáceres.

De moi pequena gustáballe moito debuxar e foi a clases de pintura durante anos. Pero, sabedes que?

Aínda que debuxaba xenial resultáballe moi difícil debuxar unha caixa aberta! E a vós parécevos sinxelo?

De maior, Sofía trasládase a vivir a Betanzos coa súa familia.

Betanzos foi un lugar de inspiración para os seus cadros. Pintou moitos lugares, xentes e costumes da nosa vila... E... sabedes que?

Tamén ilustrou moitos traballos de.... Francisco Vales Villamarín!

Coñecedes a esta persoa? Pois esperade un chisquiño que agora vos falamos del...

Co paso do tempo, Sofia seguiu pintando e soñaba con ter un museo propio na súa vila natal, como o imaxinaría?

Máis tarde marchou a vivir a Madrid.

Agora presentáremosvos ao escritor, que seguro o seu nome coñecedes ben todos e todas... Francisco Vales Villamarín.

Por que o noso cole terá o seu nome? Pois veredes....

Francisco Vales Villamarín foi unha persoa moi importante para a nosa vila e para o galego.

Naceu en Betanzos e, despois de estudar moito, foi profesor en nunha aldea de Pontedeume, e en Coruña.

Pero ademais de ser mestre creou e participou en moitas asociacións para que a xente falara galego,

foi secretario da escritora Emilia Pardo Bazán, escribiu moitos libros sobre a historia de Betanzos...

Grazas a todo este traballo Francisco gañou moitos premios e recoñecementos!!

Esperamos que aprendérades un pouquiño da nosa historia!

Moitas grazas pola vosa atención!!